



# Estratexias 2011 – 2015

# Estratexias 2011 - 2015

## ÍNDICE

1. Presentación
2. Bases de actuación para o período 2011-2015
  - 2.1. **Evitar que a crise propicie pasos atrás no compromiso cooperante**
  - 2.2. **Promover mais activamente a sensibilización social**
  - 2.3. **Adaptar a cooperación directa e reforzar a colaboración coas ONGDs**
  - 2.4. **Involucrar a iniciativa privada**
3. Obxectivos
  - 3.1. **Facer irreversible do espazo local da solidariedade**
  - 3.2. **Unha maior implicación asociativa**
  - 3.3. **Seguir profundando no noso modelo**
  - 3.4. **Preservar a calidade da cooperación municipalista**
4. Liñas principais de traballo
  - 4.1. **Fortalecemento do compromiso coa cooperación**
  - 4.2. **Preservación das competencias técnicas**
  - 4.3. **Xestión adaptada do abono de cotas e captación de recursos extraordinarios**
  - 4.4. **Unha xestión de proxectos con base nos principios de concentración, especialización e implicación dos respectivos tecidos asociativos locais.**
  - 4.5. **Intensificación das accións de sensibilización da cidadanía**
  - 4.6. **Multiplicación das accións de lobby**
  - 4.7. **A mellora da capacitación dos recursos humanos locais**
  - 4.8. **Transparencia e visibilidade**
  - 4.9. **Elevar o perfil do Fondo Galego como axencia municipalista para a cooperación internacional.**
  - 4.10. **Intensificar a colaboración institucional**
5. Conclusión

## 1. Presentación

O comezo desta lexislatura ven marcado pola **agudización da crise económica e financeira** que estende os seus efectos aos orzamentos dos poderes locais e provinciais obrigándoos a efectuar **axustes** que afectan a numerosas partidas, ao agravárense os seus déficits crónicos. Indubidablemente, este entorno, certamente complexo, ameaza con sinalar un punto de inflexión no proceso iniciado polo Fondo Galego en 1997 e obríganos a actuar con sentido do **realismo** pero igualmente con argumentacións precisas para convencer da importancia desta política pública e achegando solucións imaxinativas que permitan garantir o **mantemento do esforzo cooperante**.

En 2012, o Fondo Galego cumprirá tres lustros. Consolidamos neste tempo un modelo de cooperación que, en consonancia coas tendencias e declaracións internacionais ao respecto, asenta na **capacidade do municipalismo para influír no global**, na procedencia do seu compromiso na loita contra a pobreza e pola superación das desigualdades e na articulación de xenerosas posibilidades de traballo conxunto por riba dos localismos, asentando a práctica da solidariedade como **unha cultura transformadora** do noso propio e habitual modo de proceder, condicionado polos receos a cooperar nos mais amplos dominios. O labor desenvolvido permitiu unha maior comprensión cidadá desta política e a formación dunha masa crítica no poder local cómplice con estas actividades, se ben suxeita aos vaivéns da alternancia e renovación que constitúen signos notorios da vida política local e que obrigan a un constante labor de divulgación e clarificación.

Esta lexislatura, en suma, sitúanos ante o reto de **evitar pasos atrás**, de idear fórmulas que impidan retrocesos na dimensión do esforzo cooperante, tanto no que atinxe á base asociativa como ao conxunto das accións programadas. Para iso, mantendo os nosos obxectivos e principios xerais, deberemos efectuar axustes nas nosas liñas de traballo.

## 2. Bases de actuación para o período 2011-2015

Significaríanse as seguintes:

### 2.1. Evitar que a crise propicie pasos atrás no compromiso cooperante

É de capital importancia impedir que aquelas entidades que ao longo dos últimos anos decidíronse por impulsar accións de cooperación, abandonen de forma absoluta

este eido da acción pública. Dende o Fondo Galego debemos desenvolver unha acción decidida para **convencer aos dubitativos e incidir nas Alcaldías e no conxunto das corporacións e nas forzas políticas** con presenza no eido local para seguir conservando esta cooperación como **un espazo de consenso político** (tanto para pasar a formar parte do Fondo como para deixar de participar nel) e procurando que a crise non pulverice os dignos e nobres principios nos que asenta nin agrave a factura que están a padecer as capas mais febles das respectivas sociedades por mor dunha desfeita da que saen indemnes os que a provocaron.

## 2.2. Promover mais activamente a sensibilización social

O reforzamento da convicción da necesidade de comprometerse coas políticas de cooperación está indisolublemente ligado á comprensión do labor que desenvolve o Fondo Galego. Compre por iso **multiplicar a transparencia e as accións informativas** que acheguen os datos e argumentos precisos para seguir mantendo as políticas de cooperación, incidindo tanto desde o marco xustificativo xeral que se reflicte na nosa Declaración Programática, como a través da súa concreción ao detallar as actuacións desenvolvidas ao longo destes anos. O entendemento da sociedade resulta **esencial** para que os gobernos locais poidan ver compartida e comprendida a procedencia do esforzo cooperante.

## 2.3. Adaptar a cooperación directa e reforzar a colaboración coas ONGDs

A crise xera dificultades engadidas a todos os actores do sistema galego de cooperación. O Fondo Galego debe contribuír na medida das súas posibilidades a **manter o tecido asociativo presente na nosa comunidade** incrementando os mecanismos de diálogo e colaboración co resto de axentes e prestando unha singular atención ao sostemento das iniciativas locais e autonómicas existentes tratando de evitar a mingua significativa das súas accións e ata a súa hipotética desaparición.

## 2.4. Involucrar a iniciativa privada

Os axustes orzamentarios que poidan afectar ao compromiso cooperante en xeral e ao canalizado a través do Fondo Galego poderían ser obxecto de compensación na medida en que sexamos capaces de incorporar ás novas actividades tanto a **empregados** das Corporacións locais e provinciais, como a algunhas **empresas** que colaboran habitualmente co poder local (proxecto EMPREDES, Empresa e Desenvolvemento:

Temos Ideais) ou a **ciudadanía** en xeral, alargando o abano de complicidades que permita sortear as dificultades do presente cunha ampliación da nosa esfera de actuación.

### 3. Obxectivos

#### 3.1. Facer irreversible do espazo local da solidariedade

Os avances logrados nos últimos anos configuran **unha ampla base representativa** do esforzo cooperante do poder local, tanto en termos de entidades partícipes (un terzo) como de poboación representada (próxima ao 80 por cento). Con todas as súas limitacións, posibilitouse que a cooperación pasara a formar parte da axenda e do vocabulario local e numerosos concellos tiveron a oportunidade de trabar contacto directo coa cooperación nas súas mais diversas facetas. Esa corrente de pensamento e de acción, ascendente ata agora, debe ser preservada, evitando unha amortización baseada na limitación dos recursos, sempre limitados para a cooperación - mesmo nos tempos de bonanza- e con retorno asegurado a través da oferta de iniciativas de sensibilización. **En ningún caso procederían decisións unilaterais** e socios e dirección do Fondo deben ser capaces de atopar fórmulas que faciliten a continuidade no proxecto daqueles que enfronten maiores dificultades conxunturais.

#### 3.2. Unha maior implicación asociativa

Sen o compromiso dos asociados e a comprensión cabal do momento que atravesamos será moi difícil a condución con éxito das actividades do Fondo Galego. Requírese por iso unha **asunción de responsabilidades** a todos os niveis, tanto nos diferentes órganos da entidade, como tamén do indispensable impulso de estruturas internas como o COCIDE (Comisión de Cidades e Deputacións) que agrupa aos socios con maiores posibilidades de incidencia económica. A participación da base asociativa na vida ordinaria da entidade, dende a Asemblea xeral á Rede Municipalista Solidaria, irá acompañada dun **maior contacto entre a Comisión Executiva e os asociados**.

#### 3.3. Seguir profundando no noso modelo

As dificultades económicas son un incentivo para atopar mais sentido ao fortalecemento do Fondo como instancia cooperativa do poder local. Só agrupando os escasos recursos poderemos estar en condicións de desenvolver unha cooperación de calidade, contando coas capacidades acumuladas polo propio Fondo. Esa máxima que

ten guiado o noso proceder dende o inicio é hoxe unha premisa básica. Unha maior dispoñibilidade para agrupar os esforzos de financiamento de proxectos debe ter como contrapartida unha dinámica de sensibilización mais activa e prominente, mesmo contemplando a posibilidade de instrumentar propostas singulares e adaptadas a entornos específicos. **A crise pode actuar como factor de estímulo da cohesión da cooperación local.**

### **3.4. Preservar a calidade da cooperación municipalista**

Debemos perseverar nos trazos fundamentais que ao longo destes anos permitíronnos dotar dunha crecente calidade os nosos proxectos e o noso facer. A tal efecto, compre **concentrar as actuacións** a todos os niveis procurando asegurar a súa incidencia efectiva na comunidade beneficiaria, o seu acompañamento en todas as fases do proceso, e a subsistencia das competencias técnicas que aseguran a súa debida formulación, execución, avaliación e control.

## **4.Liñas principais de traballo**

### **4.1. Fortalecemento do compromiso coa cooperación**

Sen que o compromiso impregne o conxunto da vida asociativa do Fondo Galego será difícil que os estímulos ideados para contrarrestar os efectos da crise no eido local poidan surtir efecto. É o momento de **actuar en conciencia e con conciencia**. Neste sentido, cabería promover a adopción dun **Código Ético** entre as entidades asociadas que reafirme o compromiso cos valores e principios que dan fundamento á solidariedade. A Comisión Executiva, por outra banda, recuperará as súas **reunións itinerantes** para facilitar o contacto directo cos asociados e reforzar os vínculos que nos unen así como para promover unha maior difusión do ideario que inspira o Fondo Galego. As actividades que poidamos organizar en 2012 arredor do **15º aniversario** servirían para reivindicar e reforzar a oportunidade e sentido da cooperación descentralizada local.

### **4.2.Preservación das competencias técnicas**

Cómpre evitar que a crise determine unha redución significativa das nosas competencias técnicas, habida conta que **son mais precisas que nunca**, custa un gran esforzo a súa acumulación e precisarémolas para encarar a saída do momento actual. Con independencia dos axustes inevitables, só se contamos cunha estrutura

minimamente profesionalizada e comprometida co proxecto estaremos en condicións de asegurar a súa continuidade con garantías de solvencia. Non poder garantilo iría en detrimento da propia viabilidade do proxecto e podería repercutir nese rigor da xestión que ata agora foi un valor do Fondo e que se verá reforzado coa **declaración de utilidade pública**, en fase avanzada de tramitación. Esas competencias atinxen á Secretaría pero tamén ao capital relacional acumulado na **Rede Municipalista Solidaria** e que ten un valor incalculable para proxectar adecuadamente as actividades do Fondo.

#### **4.3. Xestión adaptada do abono de cotas e captación de recursos extraordinarios**

A **flexibilidade e o estudo individualizado** dos casos que poidan presentarse en cotas pendentes de abono debe ser a norma na regularización das cotas mínimas obrigatorias. Por outra banda, compre ser imaxinativos na ideación de mecanismos que nos permitan captar recursos extraordinarios a través de fontes alternativas. No seu conxunto, na área económica debemos estimular por igual a previsión, o aforro e a optimización dos recursos, promovendo o contacto activo entre os asociados e a Comisión Executiva e a Secretaría Técnica para dispoñer a tempo das medidas paliativas necesarias para sortear as dificultades que puideran xurdir e para conformar de común acordo as posibles solucións.

#### **4.4. Unha xestión de proxectos con base nos principios de concentración, especialización e implicación dos respectivos tecidos asociativos locais.**

A **redución dos niveis de cooperación directa e o estímulo á convocatoria pública** constitúen a orientación básica deste período. Manteremos na medida do posible a primeira en relación a aqueles parceiros que nos ofreceron garantías e cos que xa mantemos dende hai tempo dinámicas de cooperación que abarcan outros aspectos (Vacacións con Traballo, por exemplo). Pero daremos un impulso á convocatoria pública co obxecto de involucrar maiormente as ONGDs nas liñas de traballo do Fondo Galego favorecendo a concentración de actuacións nos países prioritarios e naquelas áreas temáticas mais directamente relacionadas coa especialización local.

#### **4.5. Intensificación das accións de sensibilización da cidadanía**

No escenario que se abre ante nós, a sensibilización gaña en importancia porque será co seu concurso que lograremos que a cidadanía interiorice a transcendencia e valor

da nosa actividade a prol da solidariedade internacional. Esa comprensión facilitará as decisións dos gobernos locais. Para gañar efectividade, ademais de manter as accións tradicionais conforme ao **Programa de Sensibilización** cofinanciado pola Xunta de Galicia, que inclúe accións imprescindibles para aquilatar ese labor de fondo que asegure o compromiso permanente coa solidariedade, importa incorporar outras dimensións máis epidérmicas pero de importante **efecto mediático**, botando man de iniciativas relacionadas con fenómenos como a cultura, o cine ou o deporte.

#### **4.6. Multiplicación das accións de lobby**

A proliferación de fragilidades diversas no horizonte temporal inmediato esixirá a **intensificación do diálogo** con autoridades e responsables a todos os niveis, tanto nos concellos e deputacións como nas estruturas das diversas forzas políticas. **O simple descoñecemento pode dar pe a moitas decisións precipitadas e de difícil volta atrás que compre evitar.** É por iso que non bastan as accións estruturais concibidas nun sentido universal senón que precisaremos de **xestións puntuais** e intelixentes orientadas a clarear dúbidas e ratificar compromisos, promovendo un diálogo activo mediante a realización de pequenos pero efectivos encontros a todos os niveis para asegurar as complicidades precisas.

#### **4.7. A mellora da capacitación dos recursos humanos locais**

Cómpre proseguir o impulso iniciado nesta materia, asegurando a implicación do Fondo en accións compartidas con Universidades ou a EGAP, tanto achegando a nosa experiencia no eido da cooperación, a súa singularidade e características, como ideando propostas adaptadas ás especificidades do mundo local e que revertan **na mellora das dotacións humanas** das entidades asociadas. A tal efecto, cómpre manter os estímulos aos funcionarios interesados nesta temática. Por outra banda, cabe ao Fondo Galego unha especial responsabilidade na divulgación desta dimensión da cooperación descentralizada entre outros actores e a sociedade en xeral e debemos facelo potenciando a participación directa do propio mundo municipalista, a través dos seus responsables políticos e do persoal ao servizo das corporacións locais e provinciais.

#### **4.8. Transparencia e visibilidade**

A mellora da transparencia debe operar en dous sentidos. Por parte do Fondo, poderíase abrir unha **nova liña informativa periódica** que achegue detalles sobre



proxectos ou iniciativas que ilustren a utilidade e bo uso dos fondos destinados a cooperación. Este complemento podería funcionar como anexo do IAF. Por parte dos socios, cumpriría visibilizar en maior grao a súa pertenza ao Fondo, en especial a través da instalación dun **banner nas respectivas webs municipais**, pero tamén por medio doutras iniciativas como a instalación de carteis alusivos nas dependencias locais ou a programación de sesións informativas dirixidas aos diferentes actores da vida asociativa municipal e cidadanía en xeral. Por outra banda, cómpre apostar a fondo pola política de **comunicación**, na liña do feito nos últimos tempos.

#### **4.9. Elevar o perfil do Fondo Galego como axencia municipalista para a cooperación internacional**

Debemos reforzar a relación institucional coa **FEGAMP**, tanto a través dos mecanismos compartidos de representación contemplados na normativa galega ad hoc (Comisión Interterritorial) como por medio da habilitación de fórmulas que expresen un pleno recoñecemento do Fondo como axencia municipalista para a cooperación. Esta consideración está recollida nos acordos de colaboración asinados por ambas partes, pero precisa de mecanismos de visibilización práctica que faciliten unha identificación e recoñecemento activo por parte do mundo local galego.

#### **4.10. Intensificar a colaboración institucional**

A colaboración institucional actuaría a varios niveis. En primeiro lugar, cos axentes do sistema galego de cooperación, en particular a Xunta de Galicia e a Coordinadora Galega de ONGDs. En segundo lugar, no marco estatal, coa AECID, na medida en que clarifique a súa política en relación ao espazo local cooperante, e coa Confederación de Fondos, a resultas do seu proceso de renovación e coa mirada posta nunha necesaria refundación que lle permita recuperar capacidade de iniciativa e discurso. En terceiro lugar, con outros actores tanxencialmente relacionados coa cooperación pero que poden contribuír de maneira diversa ao fomento da solidariedade como actitude ética da nosa cidadanía e institucións e á propia visibilidade do Fondo noutros sectores, especialmente nos mais significados cualitativamente. En todos os casos, **a busca de sinerxías** tanto na planificación como na xestión será norma prioritaria no actuar do Fondo Galego.

## 5. Conclusión

Se non abdicamos da idea de que a loita contra a pobreza e as desigualdades constitúe unha **responsabilidade social e política** que alcanza non soamente aos grandes organismos multilaterais ou os Estados senón aos cidadáns, as entidades cívicas e as propias administracións a todos os niveis, a lexislatura que temos ante nós será clave para **asegurar a irreversibilidade do compromiso cooperante** no espazo local galego.

Alén das dificultades, a crise brinda tamén a oportunidade de **gañar en cohesión e eficiencia** na abordaxe da cooperación dende o espazo local. Quizais obrigados polas circunstancias a moderar as nosas ambicións no plano das accións de cooperación, aquelas poden brindarnos a ocasión de **crecer por dentro** para asentar mais solidamente a aposta do mundo local galego pola cooperación e a solidariedade internacional.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2011